**mocidade coruña**

**CONSELLERIA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

## PRAZAS DE RESIDENCIA PARA PERSOAS COLABORADORAS BOLSEIRAS NOS CENTROS RESIDENCIAIS DOCENTES DA CORUÑA, OURENSE E VIGO PARA O CURSO ACADÉMICO 2021/22

As persoas adxudicatarias de prazas de colaborador bolseiro utilizarán os servizos da residencia de forma gratuíta durante o período de funcionamento en que estea aberta aos residentes.
**Número de prazas ofertadas**:
Centro Residencial Docente da Coruña: 18 prazas.
Centro Residencial Docente de Ourense: 6 prazas.
Centro Residencial Docente de Vigo: 6 prazas.

As persoas colaboradoras bolseiras teñen as seguintes obrigas:
1. Residir no centro residencial docente.
2. Colaborar no desenvolvemento das tarefas e actividades relacionadas con accións formativas complementarias durante o período de funcionamento en que estea aberto aos residentes.
3. Na súa condición de colaboradora ante o resto das persoas residentes, teñen a obriga de cumprir e facer cumprir as normas de réxime interno, as normas de convivencia e os horarios que permitan o normal desenvolvemento da vida residencial.

**REQUISITOS:**

- Ter dezaoito anos feitos, ou alcanzar esta idade dentro do ano natural 2021.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño do labor de apoio no desenvolvemento da actividade diaria da residencia.
- A distancia entre o centro universitario onde curse os estudos e o centro residencial docente, así como os medios de comunicación existentes, deberán garantir a dispoñibilidade no horario en que teñan que realizar o devandito labor de apoio.
- A persoa solicitante deberá estar inscrita ou matriculada en ensinanzas universitarias de grao, máster oficial, primeiro, segundo ou terceiro ciclo nunha facultade, escola superior, escola universitaria ou colexio universitario no curso 2021/22.
- Considéranse estudantes en réxime de dedicación académica a tempo completo os matriculados no número de créditos indicado a seguir:
  a) Estudos de grao: 60 créditos.
  b) Estudos de primeiro e segundo ciclo: o número de créditos que resulte de dividir o total dos que integran o plan de estudos (agás os de libre elección) entre o número de anos que o compoñan. Estes solicitantes terán preferencia na adxudicación de prazas.
- Non obstante, as persoas solicitantes en situación de matrícula parcial poderán obter praza cando estean matriculadas no número mínimo indicado a seguir:
  a) Estudos de grao: entre 30 e 59 créditos.
  b) Estudos de primeiro e segundo ciclo: o 50 % dos créditos indicados no punto b) anterior.
- Na adxudicación teránse en conta criterios económicos, académicos e outros méritos.

**PRAZO E LUGAR DE PRESENTACION DE SOLICITUDES**: **ata o 6 de agosto de 2021,** a través da sede electrónica da Xunta. De existir vacantes, abrirase un prazo extraordinario entre o 13 e o 17 de setembro**.**

**INFORMACIÓN:**
**Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Xefatura Territorial**
R/ Vicente Ferrer, 2. 15008 A Coruña
Teléfono: 981184701 www.edu.xunta.gal
**CRD da Coruña – Universidade Laboral**
Rúa Salvador Allende, nº 13. 15174 Culleredo
Telf. 981 667 836 Correo electrónico**: credo.coruna@edu.xunta.es**
www.edu.xunta.es/centros/credocoruna

**PUBLICACIÓN: DOG 15/06/2021**
**Sede electrónica (sede.xunta.gal): procedemento ED308A**